


Ruta de Dormeá



Introducción:

A parroquia de Dormeá está situada ó sur – Leste do Concello. Atravesaa a C-840.

Aparece en documentos que datan do 569(Concilio de Lugo) onde se adxudica á Sede de Iriense, logo pasa á de Compostela por donación de Dona Urraca.

Consérvase a Igrexa de San Cristobo do S.XII que pertencía a un mosteiro feminino fundado por Dona Lupa no 1152. Os seus termos foron acotados por Fernando II de León no 1157. Un século despois, o trovador Fernán Paez de Talamancos, cita o cenio nas Cantigas de Maldizer.

A pouca xente que queda, na maior parte anciáns, adícanse á agricultura e gandería. Hai algunhas explotacións familiares.

Era zona de moito arbolado e monte. Hoxe abundan as praderías e plantacións de pinos e eucaliptos.

Está ben regada, con moitas fontes e regatos.

Descricion da ruta:

Principiámola en Boavista. Subindo pola “Corredoira Vella” deixamos o Priorato á esquerda (S.XIX) e chegámos ó campo de S. Brais, onde está a rectoral, a

capela e un cruceiro. Os carballos foron plantados polos “mozos”: Casa Grande, Ramiro, Monteiro,... a petición do párroco D. Anxel, a cambio da doutrina.

Un pouco máis arriba topámonos co castriño (case derruido). Á dereita chegamos ó Deposito de Augas, ó longo dunha plantación de eucaliptos. Dende aquí obsérvase unha fermosa panorámica.

No cruce seguinte seguimos pola esquerda e chegamos ó Castro do “Coto da Roda” que pode pasar desapercibido pola abundante vexetación, (está á dereita do camiño). Por un carreiro, invadido pola maleza, imos ata o Batán (á esquerda), lugar onde quedan restos dun muiño e un batán no río do mesmo nome. Indo á dereita, pasamos polo Cando, e no Castro, nun cruce de camiños, está a Capeliña da Santa Cruz, que ten unha curiosa historia. Por Porcelle baixamos ata a estrada. Unha boa alternativa é seguir ata o Cruceiro pola corredeira que pasa por Eixón. Nesta zona vense carballos, castiñeiros, algúnhas mimosas, acivros... Moito toxo, uces, fentos e eucaliptos. Destaca a riqueza vexetal das corredeiras: musgo, xilbarbeiras, herbáceas diversas, etc... Multitude de insectos e lagartos.

Hai tamén algunhas “pedras” graníticas como a Pena Grande (vese dende este punto da estrada, mirando ó alto, cara a esquerda).

Despois de atravesala estrada, entramos na pista de Vilanova. Neste lugar hai un pazo que data do século XVI. Se o bordeamos, veremos o pombal e a balconada e balaustrada barroca. Atravesando o regato, quedan os restos dun muiño, en un cómaro, o que foi a capela, ó pé do que foi unha vella sobreira.

Volvendo á pista, todo pola esquerda, imos a Rivadiso. Máis ou menos, paralelo ó camiño, vai o río Rigueiro, no que quedan restos de tres muiños. O de carballedal era comunal. Da outra beira do río, érguese o monte de Rebellon, repoboado de piñeiros e eucaliptos. De Rivadiso, por unha corredeira, imos ata Fornelos, e á dereita a Barrio.

Amais das especies que vimos ata agora, esta zona ten moito salgueiro e ameneiro, algún pradarío, olivo e loureiros... Buxo e mirto, nas sebes.

De Barrio, pola dereita, chegamos á Aldea de Baixo, onde está a igrexa parroquial, os cemiterios e un cruceiro. É un lugar cun grupiño apiñado de casas arredor dun cruce que fai de campo de romaría. Subindo a costa, chegamos ó punto de partida.

Como se ve no gráfico, hai camiños alternativos (o de Santalla, introdúcese na parroquia dos Anxeles), que nos levan a outros lugares da parroquia, e que merecen recorrerse, sobre todo as corredeiras (en perigo de desaparición), que gardan tanta vida, tanta frescura e tantos recordos.

Pouquiño a pouco fomos chegando ate o final da nosa andaina pola parroquia de Dormeá, e xa menos mal porque percorremos uns 7 kms.